


CANTIGAS DE AMOR

Núcleos ou motivos temáticos

TEMA PRINCIPAL

Sentimento amoroso non correspondido por parte da doncela (*senhor*).



1. DECLARACIÓN DE AMOR DO NAMORADO

Nalgunhas cantigas, o cabaleiro **declárase á muller** de xeito directo manifestándolle o seu amor.

Ex: "*A dona que eu am'e tenho por senhor amostrade-mh-a, Deus, se vos en prazer for, se non dade-mh-a morte.*"

Bernal de Bonaval



2. COITA DE AMOR

Na maior parte das cantigas, o cabaleiro amosa a súa pena por non ter o amor da doncela, o que se coñece como **coita de amor**.

Ex: "Em gram coita, senhor, que peor que mort'é, vivo per bõa fe, e polo voss'amor"

Don Dinís



3. RESERVA DA DAMA

Na maior parte das cantigas de amor, a dama amosa a súa **reserva** en recibir o amor do cabaleiro.

Ex: "Pero que mia senhor non quer que por ela trobe per ren, nen que lhi diga quan gran ben lhi quero, vel en meu cantar, non a leixarei a loar"

Fernán Rodriguez de Calheiros



4. LOANZA DA DAMA

Na maior parte das cantigas de amor, os atributos morais e espirituais da dama aparecen enxalzados dun xeito case platónico.

Ex: "A vós fez Deus, fremosa mia senhor, o maior ben que vos pod'el fazer: fez-vos mansa e melhor parecer das outras donas, e fez-vos melhor dona do mund'e de melhor sén"

Pero de Armea

